

MODIFICACIÓN DA NORMATIVA DE NOMEAMENTO DE PROFESORADO EMÉRITO **(CONSELLO DE GOBERNO DO 18 DE DECEMBRO DE 2013)**

O Consello de Goberno, na súa sesión do 18 de decembro de 2013, acorda modificar a redacción do punto 3 da Normativa de nomeamento de profesorado Emérito, que foi aprobada no Consello de Goberno de 21 de febreiro de 2013.

Redacción actual do punto 3 actual:

3. A proposta de nomeamento de profesorado emérito deberá ser aprobada no Consello do Departamento ao que pertence o profesor ou profesora, previa petición de éste/a. Antes do 30 de abril de cada curso académico, os departamentos poderán presentar na vicerreitoría con competencias en materia de profesorado propostas para a contratación de profesorado emérito no curso seguinte, así como solicitudes para a concesión de prórrogas dos contratos que finalicen durante o seguinte curso. As propostas deberán vir acompañadas dun informe do departamento ao que pertence o profesor ou profesora no que debe figurar o plan de traballo a desenvolver pola persoa candidata. Ditas tarefas consistirán, preferentemente, na dirección de actividades de investigación, en estudos de especialización científica e profesional, en actividades de extensión universitaria e outras equiparábeis.

Redacción proposta do punto 3:

3. Antes do 30 de abril de cada curso académico, os departamentos, previa solicitude da persoa interesada, deberán presentar na vicerreitoría con competencias en materia de profesorado, a súa proposta favorable ou desfavorable de nomeamento para a contratación de profesorado emérito no curso seguinte, así como para as solicitudes de concesión de prórrogas dos contratos que finalicen durante o seguinte curso. A proposta deberá ir acompañada da solicitude do interesado/a, o curriculum vitae, plan de traballo a desenvolver pola persoa candidata e un informe razonado, preceptivo e non vinculante, xustificativo da decisión adoptada en Consello de Departamento.

NORMATIVA PARA O NOMEAMENTO DE PROFESORADO EMÉRITO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

(Aprobada polo Consello de Goberno de 21 de febreiro de 2013)

O nomeamento e contratación de profesorado emérito na Universidade de Vigo regúlase pola normativa aprobada no Consello de Goberno de 3 de marzo de 2000. Esa normativa, emanada do establecido no RD 898/85 de 30 de abril (modificado e completado polos RD 1200/1986 de 13 de xuño e RD 554/1991 de 12 de abril) e no RD 1086/89 de 28 de agosto (modificado parcialmente polo R.D. 74/00), regula a posibilidade de contratar en réxime laboral como profesorado emérito a funcionarios xubilados dos corpos docentes que houberan prestado servizos destacados á Universidade de Vigo.

A Lei Orgánica 6/2001 de Universidades, de 21 de decembro, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, (BOE 13/12/2007), habilita ás universidades para nomear profesorado emérito entre profesorado xubilado que teña prestado servizos destacados á universidade.

No artigo 94 dos Estatutos da Universidade de Vigo indícase que a Universidade de Vigo poderá nomear profesorado emérito entre profesorado xubilado que prestase **destacados servizos docentes e investigadores á Universidade**.

O Regulamento de Profesorado da Universidade de Vigo, aprobado no Claustro de 24 de xullo de 2012 indica que a contratación de profesorado emérito será acordada polo Consello de Goberno por proposta do departamento ao que pertence o profesor ou a profesora. Ademais, encarga ao Consello de Goberno a aprobación dunha normativa que estableza as condicións de acceso á figura de profesorado emérito, a retribución, os termos da súa colaboración docente e investigadora, e mais a súa duración. Asimesmo precisa que a contratación de profesorado emérito terá en consideración os anos de servizo na Universidade de Vigo, o labor desempeñado no ámbito da docencia e da investigación e o desempeño de cargos académicos.

Así pois, o Consello de Goberno, na súa sesión de 21 de febreiro de 2013 acorda aprobar a seguinte **NORMATIVA**:

CONDICIÓN DE ACCESO

1. Poderá ser contratado como profesorado emérito aquel profesorado xubilado que prestase destacados servizos docentes e investigadores á Universidade.
2. Para a tramitación e avaliación das solicitudes, deberá xustificarse o cumprimento, no momento da solicitude, dos seguintes requisitos, que garanten a relevancia dos servizos prestados:

- a) Estar en situación de servizo activo.
 - b) Ser PDI con vinculación permanente a tempo completo e ter a acreditación para o acceso ao corpo de catedráticos de universidade.
 - c) Ter prestado servizos na universidade pública durante un mínimo de trinta anos dos que polo menos os vinte últimos fosen prestados en servizo activo a tempo completo na Universidade de Vigo.
 - d) Cumprir a idade de xubilación obrigatoria durante o curso no que se solicita a contratación como profesorado emérito.
 - e) Ter concedidos seis quinquenios docentes.
 - f) Ter concedidos pola CNEAI seis sexenios ou cumprir dúas das seguintes condicións:
 - f.1) Ter concedidos pola CNEAI catro sexenios.
 - f.2) Acreditar 12 exercicios de dirección, xa sexa de teses de doutoramento ou de proxectos competitivos de investigación financiados con fondos públicos alleos á Universidade de Vigo (6 exercicios de dirección se o número de sexenios é de cinco).
 - f.3) Ter desempeñados cargos académicos equiparables aos que permitirían acadar 6 puntos no baremo establecido pola ACSUG (*) na avaliación dos complementos autonómicos por cargos de xestión (3 puntos se o número de sexenios é de cinco).
- (*) DOG 15 de novembro de 2012

PROCEDEMENTO

3. A proposta de nomeamento de profesorado emérito deberá ser aprobada no Consello do Departamento ao que pertence o profesor ou profesora, previa petición de éste/a. Antes do 30 de abril de cada curso académico, os departamentos poderán presentar na vicerreitoría con competencias en materia de profesorado propostas para a contratación de profesorado emérito no curso seguinte, así como solicitudes para a concesión de prórrogas dos contratos que finalicen durante o seguinte curso. As propostas deberán vir acompañadas dun informe do departamento ao que pertence o profesor ou profesora no que debe figurar o plan de traballo a desenvolver pola persoa candidata. As ditas tarefas consistirán, preferentemente, na dirección de actividades de investigación, en estudos de especialización científica e profesional, en actividades de extensión universitaria e outras equiparables.
4. A Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) analizará e priorizará as solicitudes presentadas e elevará a proposta que corresponda ao Consello de Goberno.
5. Por razóns orzamentarias, o Consello de Goberno poderá limitar o número de contratos de profesorado emérito que se poderán realizar no curso académico correspondente. En calquera caso se terá en conta o seguinte:

- a) O número de profesorado emérito a que fai referencia esta normativa non poderá exceder do 3% do cadro de persoal docente da Universidade.
 - b) Anualmente o número de novos contratos e prórrogas propostas non poderá exceder da quinta parte do límite anterior.
 - c) A concesión de novos contratos avaliados favorablemente pola COAP terá preferencia sobre a concesión de prórrogas.
 - d) Tenderase a que no conxunto de profesores eméritos estean representados os diferentes ámbitos de coñecemento.
6. Á vista do informe de valoración elaborado pola COAP e da orde de prelación establecida por esta, no seu caso, o Consello de Goberno emitirá informe para a nova contratación e prórrogas de profesorado emérito.
 7. Excepcionalmente, e a proposta do reitor ou reitora, o Consello de Goberno poderá emitir informe para a contratación como profesorado emérito de persoas que non cumplan os requisitos esixidos.

CONTRATACIÓN, DURACIÓN E RETRIBUCIÓN

8. O profesorado emérito será contratado en réxime laboral, con carácter temporal, e a tempo completo por un período de tres anos, con unha única posibilidade de prórroga por outro período de dous anos. En calquera caso, a condición de profesor emérito será vitalicia para os efectos honoríficos.
9. A remuneración do profesorado emérito será a diferenza entre o que perciba anualmente polo total das súas pensións de xubilación e a retribución anual correspondente ao corpo ao que pertencía ao producirse a xubilación, cos trienios e complementos docente e de produtividade que teña recoñecidos no momento da xubilación (co máximo previsto na lexislación vixente para profesores eméritos)

TAREFAS DOCENTES E INVESTIGADORAS

10. O profesorado emérito terá a posibilidade de colaborar nas seguintes tarefas:
 - a) Dirección de tarefas de investigación,
 - b) Colaboración en programas de doutoramento.
 - c) Estudos de especialización científica e profesional.
 - d) Participación con voz e sen voto en comisións técnicas destinadas á mellora da calidade docente ou investigadora, renovación de plans de estudo, etc.
 - e) Actividades de extensión universitaria e outras equiparables.

INCOMPATIBILIDADES

11. A condición de profesor emérito esixirá a dedicación a tempo completo á Universidade e será incompatible coa realización de calquera actividade remunerada no sector público ou privado.

12. O profesorado emérito non poderá desempeñar ningún cargo académico universitario nin formar parte dos órganos de goberno colexiados, agás do Consello de Departamento.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA


O profesorado emérito xa contratado no momento de aprobarse esta normativa manterá as condicións do seu contrato e poderá acceder ás prórrogas previstas coa normativa anterior.

DISPOSICIÓN FINAL

Coa aprobación desta normativa, queda derogada a normativa para o nomeamento de profesores eméritos aprobada en Xunta de Goberno de 3 de marzo de 2000.

Dilixencia para facer constar que a presente "Normativa para o nomeamento de profesorado emérito" foi aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 21 de febreiro de 2013.

Vigo, 22 de febreiro de 2013
A Secretaría Xeral



M^a Inmaculada Valeije Álvarez